

CONCLUSIONES¹

1.-NECESIDADE DUNHA SEGUNDA CANLE DE TELEVISIÓN EN GALICIA

GALICIA NON PRECISA UNHA SEGUNDA CANLE DE TELEVISION

- A creación dunha segunda canle na Televisión de Galicia non é un obxectivo prioritario e relevante por razóns orzamentarias: Unha segunda canle convertería definitivamente en deficitaria a televisión pública galega e ademais incrementaría o número de funcionarios. O investimento necesario para poñela en marcha iría en detrimento doutras necesidades básicas dos cidadáns galegos.

GALICIA NECESITA UNHA SEGUNDA CANLE DE TELEVISION

- Galicia é a única Comunidade con lingua e cultura propia do Estado Español que aínda non disfruta de segunda canle. Temos unha lingua, cultura e realidade social diferenciada e polo tanto, é un agravio comparativo respecto a outras autonomías. Si a Televisión de Galicia non oferta unha segunda canle é unicamente porque o Goberno autonómico non propiciou a acción política que fixera posible a súa existencia.
- Galicia precisa dunha segunda canle para cubri-las necesidades da normalización lingüística e cultural do país, para que medre “*o espacio galego de comunicación*” e refrexe unha “*Galicia poliédrica*”, que ofrezca contidos propios dunha televisión plural, que fomente a educación, a experimentación de ideas e estéticas, temas ou informacións de interés social que non teñen acobillo nunha canle única. Na *Sociedade da información e o coñecemento*, é necesario un maior número de medios, que seleccionen e oferten contidos informativos plurales, adecuados para tódalas sensibilidades dos cidadáns galegos.
- A creación dunha segunda canle é un xeito de dignificar a propia TVG, a quen parte dos galegos identifica cunha televisión xeneralista e de baixa calidade.

UNHA SEGUNDA CANLE, PERO CON MATICES

- A pesares de considerar necesaria unha segunda canle, hoxe non é unha tarefa urxente nin prioritaria, pois o mais racional sería agardar pola implantación das tecnoloxías TDT: Unha segunda canle dixital, que experimente e posibilite a realización de produtos anovadores e tecnoloxicamente superiores. Non ten sentido “*clonar o que xa temos*”.
- Antes da implantación da segunda canle sería inevitable remodelar as regras do xogo da Televisión de Galicia para que non sexa “*mais do mesmo*”. Daquela, requeriríase unha reformulación do concepto de “*Televisión pública*”, así como a profesionalización da estrutura de xestión coa garantía dun funcionamento democrático ao servizo da cidadanía e non do partido de turno no poder: “*non vaia a ser que, en vez de ter unha canle para a manipulación política e cultural máis descarada, acabemos tendo dúas*”

¹ As seguintes conclusións foron elaboradas a partires das opinións individuais da Enquisa e da transcripción das Actas do *Foro da Academia*, respetando fielmente as diferentes ideas manifestadas ao longo do debate sobor da Segunda Canle da TVG. Intentan amosar a variedade e disparidade de argumentos xurdidos no decurso do proceso de discusión. Nalgúns casos optouse por respetar a redacción orixinal, considerando que ilustraba con maior precisión unha corrente ou liña de opinión.

2.-DEMANDA SOCIAL DUNHA SEGUNDA CANLE

NON EXISTE DEMANDA SOCIAL DUNHA SEGUNDA CANLE DA TELEVISION DE GALICIA

- A demanda actual da sociedade galega está cuberta dabondo pola programación da TVG, que xa está a cumprilo seus obxectivos en virtude do vixente marco estatutario que a regula, desenvolvendo un modelo xeralista, mediante unha execución orzamentaria na que os gastos non superan ós recursos. Hoxe por hoxe, non existe demanda social maioritaria para unha segunda canle, nin siquiera como debate, pois é un tema que só pode interesarlle aos políticos “*que pensan manipulala*”, aos profesionais que ven abrirse un novo campo de oportunidades “*á costa do erario público*”, algúns intelectuais e o interese propio do sector audiovisual. A TV dixital aportará de xeito natural esa posibilidade.

O DEBATE SOBOR DA DEMANDA SOCIAL É ARTIFICIAL

- As demandas sociais non sempre se canalizan cara a súa expresión explícita e non se debe confundir a *necesidade obxectiva* de algo coa súa *demanda social*. Que hoxe non exista debate na sociedade galega sobre a necesidade de crear unha segunda canle, non quere dicir que non sexa necesaria. No momento que naceu a TVG, tampouco existía unha demanda social maioritaria que reclamara o nacemento da televisión autonómica. Nunha sociedade determinada polas influencias *mediáticas*, a demanda creárase cando os medios de comunicación o decidan. Hai quen opina que “*tal como está a parrilla da TVG actualmente, o que sobra e demanda social e cultural e o que falla son ganas de captar novos sectores de audiencia*”.

EXISTEN DEMANDA DE CONTIDOS ALTERNATIVOS NA TELEVISIÓN DE GALICIA

- Existen espectadores dabondo para contidos máis amplos que os que actualmente ofrece a primeira canle, pois cada vez máis, o público demanda maior oferta televisiva e opta por canles de pago para disfrutar dunha maior variedade de contidos. Por outra banda, existe unha demanda social de públicos específicos (urbano, xuvenil, clase media con nivel cultural medio/alto etc.) e minorías que non se sinten representados nas actuais “*grelas*” de TVG. Pode que sexa un sector de poboación máis ou menos minoritario, pero é un sector específico, con elevada capacidade adquisitiva. Ademais diso, unha televisión pública debería concebirse en función doutro tipo de demanda social, por exemplo a atención e promoción da diversidade e creatividade culturais. Esta demanda si existe, e a ela debería respostar esa segunda canle

3.- MODELO, CONTIDOS E PROGRAMACIÓN DUNHA HIPOTÉTICA SEGUNDA CANLE DE TELEVISIÓN EN GALICIA

OBXECTIVOS DA SEGUNDA CANLE:

- O obxectivo básico dunha segunda canle sería a *defensa da realidade social e identidade cultural do país, unha televisión nacional galega*, para contribuir á normalización cultural e lingüística de Galicia coa defensa e promoción dun dos seus tesouros patrimoniais: a lingua. A súa programación polo tanto, debería ser íntegramente en galego, proporcionando información seria e veraz, enchendo o tempo de lecer con amenidade, intelixencia crítica e modernidade. Obxectivos en definitiva, que reforcen a autoestima cultural do país, incentivando novos hábitos en relación co uso e disfrute de bens e produtos culturais, así como do noso patrimonio cultural, natural e artístico. Podería ser aconsellábel a creación dun “Comité de sabios” que tutelase a súa independencia e calidade.

PROGRAMACION COMPLEMENTARIA

- A súa programación, “*para inmensas minorías*”, sería complementaria e independente da primeira canle. Unha complementariedade biunívoca, non suxeita a xerarquías previas. Naturalmente cun modelo definido e recoñecíbel: unha cadea con identidade propia e dirixida a públicos concretos, sen perder vocación de audiencia maioritaria, ou caer no erro de converterse nun ghetto para selectas minorías. *Un modelo de TV “civilizadora”*, capaz de proxectar coñecementos que non se contemplan nas cadeas xeneralistas. O que non debería ser é converterse nun caixón de sastre onde vaian parar os *stocks*, reposicións da emisora ou pezas de escasa calidade colocadas por pequenas produtoras independentes.

PROGRAMACIÓN DE SERVICIO PÚBLICO

- A programación respondería a un modelo de servicio público de carácter máis minoritario, reforzando o mais posíbel os programas de *servicio público*: Contidos de apoio á lingua, cultura e a prol da cidadanía; información sectorial, foro de debates, deportes minoritarios, atendendo á pluralidade social mediante unha cobertura transversal informativa e divulgativa.

CREATIVA E INNOVADORA.

- A programación da segunda canle debería ser capaz de asumir riscos estéticos que nunca afrontarían as TV privadas ou a televisión xeneralista, mediante un compromiso coa difusión cultural e a pluralidade ideolóxica; apostas arriscadas e creativas en formas e contidos; unha grella estilizada, con identidade propia, (non un simple contenedor, refrito de programas ou televisión “cultureta” para minorías), na procura de targets claramente diferenciados da primeira canle.

TARGET:

- Unha televisión dirixida sobre todo aos públicos urbanos e xuvenís, con inquietudes culturais, xa que, agora mesmo á TVG, dado o seu carácter xeneralista, resúltalle moi difícil atender como target. Obtería bós resultados de audiencia unha programación orientada cara un público similar ao habitual consumidor de plataformas dixitais ou cable, que busca alternativas ao que hoxe ofrece a televisión pública, pero sin necesidade de disfrutar dun elevado status económico e social, dando cabida a outras sensibilidades.

REFERENCIAS:

- Unha oferta culturalmente aberta e afastada dos requerimentos propios das televisións privadas. Modelos posibles: Channel 4 británico, Segunda canle de TVE ou Canal Arte... Noutros casos a referencia prodúcese en función do mercado e área lingüística: *“unha canle intercultural, que contemplara a construción dun espazo televisivo da lusofonía dende Galiza ate Brasil pasando por Mozambique”*.

4 PROBLEMAS TÉCNICOS QUE DIFICULTAN A IMPLANTACIÓN DUNHA SEGUNDA CANLE DE TELEVISIÓN EN GALICIA

EXISTEN PROBLEMAS DE INDOLE TECNICA E ADMINISTRATIVA

- Neste momento non hai espazo radioeléctrico para unha segunda canle analóxica: Ademais o Estado, a traveso do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, non estaría en condicións, nin autorizaría unha canle en analóxico, partindo da base de que a tecnoloxía dixital permite dúas canles e moitas máis. No ano 2008 comeza o apagón analóxico e polo tanto, non ten sentido poñer en marcha outra rede similar. A segunda canle terá que estudarse cando a TDT permita unha difusión real, pois sería ilóxico prantexarse agora a inversión nunha televisión dixital terrestre ata que a televisión dixital se xeneralice entre a poboación galega.

NON EXISTEN PROBLEMAS DE TIPO TÉCNICO

- Esgrimir razóns técnicas e outro dos argumentos tópicos habituais cando non se ten vontade política para poñer en marcha novas iniciativas. O espazo radioeléctrico en Galicia é igual que no resto do estado e podería comenzarse axiña a emisión de sinais dunha segunda canle, como así fixeron noutras autonomías....., *”Máis que argumentos técnicos, existen técnicos en pseudoargumentos”* porque os problemas técnicos amáñanse cáseque sempre con vontade política e unha dotación orzamentaria axeitada. A segunda canle non se implantou ata agora, porque fallou a decisión política do Goberno Galego .

O MAIS RAZONABLE É AGARDAR POLA IMPLANTACIÓN DA TDT

- Non hai impedimentos técnicos nen legais, aínda que si pode ter sentido, por criterio de oportunidade e racionalidade, agardar polas enormes posibilidades técnicas da TDT. A segunda canle poderíase implantar mediante sistema dixital ao abeiro do Real Decreto 2169/1988, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital por Ondas de Terra. O mais sensato polo tanto, sería agardar a implementación da TDT e a decisión da dotación económica necesaria para darlle contidos as dúas canles que ten adxudicadas a TVG.

UNHA SEGUNDA CANLE PODE COMEZAR A EMITIR INMEDIATAMENTE

- Poderíase empezar a emitir simultaneamente en dixital terrestre e analóxico. Nese contexto caben dúas posibilidades: A primeira sería comenzo as emisións en analóxico ata que se produza a transición, e paulatinamente pasar a dixital . A segunda posibilidade, moito máis económica, sería comenzo a emitir utilizando as dúas licencias dixitais concedidas a CRTVG e aproveitando ao máximo as novas tecnoloxías (TDT, Internet). Isto condenaría á canle a unha audiencia moi minoritaria de usuarios de TV por satélite e de Televisión Dixital Terrestre, ata a xeneralización ou implantación definitiva do sistema dixital, pero a súa posta en marcha permitiría iniciar inmediatamente unha estratexia de traballo que “invente” o futuro como viveiro de formatos e proxectos específicos sen agardar a que se xeneralice dentro de varios anos a tecnoloxía dixital.

5.- RENDIBILIDADE ECONOMICA DUNHA SEGUNDA CANLE DE TELEVISIÓN EN GALICIA

UNHA SEGUNDA CANLE NUNCA SERIA RENDÍBEL

- En Galicia temos hoxe dabondo cunha canle: Non é rendíbel a primeira e única canle en galego polo que dificilmente pode selo a segunda. A CRTVG, non debería afastarse da estricte observancia do plan de saneamento económico-financieiro, baseado no balance positivo do patrimonio consolidado, na amortización da denominada “débeda histórica” e na execución orzamentaria anual sen déficit. Nista estratexia do plan de saneamento, polo momento, non é rendíbel a creación dunha segunda canle que só contribuíría a incrementar o déficit.. O país ten outras moitas necesidades, e a creación dunha segunda canle sería excesivamente onerosa para o tesouro público galego. A segunda canle sería perfectamente posíbel “*se a sanidade se sigue deteriorando, se seguimos tendo as universidades peor financiadas de España, se non se repoñen as señaís de solo das carreteriras, se non se rematan as autovías ou se fan todas de peaxe, se as escolas non se conectan a Internet, se seguimos tendo o proporción de residencias da terceira idade máis baixa de España, se o patrimonio artístico se sigue deteriorando ou arranxando con criterios tan efímeros e discutibles*”, etc,

UNHA SEGUNDA CANLE PODERIA OFRECER UN EQUILIBRIO FINANCIERO

- Probablemente non será rendíbel durante moito tempo, como non o é a propia TVG, que se sustenta de fondos públicos cerca dun setenta por cento do seu orzamento . Pero unha segunda canle estruturada con racionalidade, non ten porqué ser necesariamente moi costosa, pois podería optimizar recursos humanos e medios da propia CRTVG. Por outra banda, hai que considerar que *cando algo é rendíbel socialmente tamén o acaba sendo economicamente* por máis que a percepción desa rendibilidade non parezca moi evidente e cuatificábel nun principio. Hai elementos obxectivos que poderían contribuir a incrementala RENDIBILIDADE: saneamento da oferta para os anunciantes ó poder ubicar mellor os anuncios coa suma de dous canais e conquistar así unha maior audiencia xeral da cadea; amortización do stock da produción audiovisual existente en Galicia; obtención dun millor rendemento dos paquetes de produción allea, incremento da promoción das industrias culturais, potenciación das produtoras independentes e da coproduccións, creación de novos produtos e formatos no vieiro da televisión interactiva...etc.

A RENDIBILIDADE DUNHA SEGUNDA CANLE É SOCIAL E CULTURAL

- No discurso sobor da RENDIBILIDADE, debería prevalecer a valoración da RENDIBILIDADE social e cultural sobre a económica por tratarse dunha televisión pública. *Unha televisión pública non debe ter entre os seus obxectivos o superávit económico, como non ten a sanidade ou a educación. É moi rendíbel socialmente unha opinión que se dirixa directamente aos sectores sociais máis ilustrados, novos ou modernos dunha comunidade. Polo razoamento da rendibilidade chegaríamos a non ter, no noso país, operas, teatro, cine e grandes concertos de música...* O rendemento social (vertebrador, socializador) e cultural estarían garantidos se o modelo respondese finalmente a unha TV de servizo público. Se a canle consegue converterse nunha referencia real para un certo colectivo de cidadáns galegos, será un primeiro paso para a súa consolidación como símbolo referente da comunidade.

A RENDIBILIDADE DEPENDE DO MODELO DE TELEVISION

- A optimización da razón servizo/custo depende do modelo escollido: O custo dun proxecto – como no resto dos sectores industriais – estará en relación coa escala, modelo de xestión e programación, en función dunha estratexia a medio e longo prazo. Hoxe estanse a promover modelos de *baixo orzamento* que se basean na chamada *Nova economía da información e da comunicación* e que, de modo sobranceiro, converten a custión da identidade e da excepcionalidade cultural en *oportunidade de negocio e factor de mercado*. Neste caso, a rendibilidade non pode considerarse á marxe nen dos recursos, do modelo, nen do momento. Un modelo de canle, dirixida a experiencias de I+D+I, orientada ao desenvolvemento de contidos audiovisuais e estratexias de comercialización, pode acadar a medio prazo unha rendibilidade económica importante, se consegue superar unha delicada fase de consolidación. A inversión publicitaria tamén está interesada en captar audiencias selectivas e mercados específicos que terían un millor acobillo baixo o paraugas dunha televisión urbana, innovadora e participativa, focalizada cara targets dinámicos mais novos e de elevado consumo. Outro factor determinante será a pericia e capacidade profesional do equipo director desta canle.

6.- A SEGUNDA CANLE COMO POTENCIADORA DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA

A INDUSTRIA AUDIOVISUAL GALEGA NON PODE DEPENDER DA TVG

- Unha segunda canle crearía unha maior dependencia da industria audiovisual galega respecto do mercado interno. A CRTVG, xa é unha das canles máis dinámicas do estado na produción de series de ficción, longametraxes, telefilmes e documentais realizadas polas produtoras independentes, dando mostras sobradas de que aposta pola creación dunha estrutura estable que permita o desenvolvemento sostido e constante dunha industria propia, constituída como un referente simbólico do avance do país. Pero a industria audiovisual non pode dirixir as súas miras exclusivamente a TVG, precisamente cando en Europa está sometida a unha forte reestructuración e redución dos investimentos por parte dos operadores tradicionais. No resto das segundas canles en España, a influencia sobor do sector audiovisual autóctono foi cativa, pois o presuposto de produción de novos programas foi escaso. O sector audiovisual non pode limitar a súa produción e potencialidade á existencia dunha segunda canle na TVG, nun horizonte de produción para o consumo interior que o convertería nun sector industrial “subvencionado”. Non é oportuno potenciar industrias dependentes do financiamento público, senón crear empresas competitivas que mobilicen o mercado tanto dentro como fora do país.

A CREACION DE SEGUNDA CANLE E UNHA OPORTUNIDADE PARA O SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO

- Cecaís Galicia posúa a industria audiovisual autonómica máis forte de España despois da catalana: un sector audiovisual independente, capaz de dar resposta ás necesidades dunha segunda canle, tanto cualitativa como cuantitativamente, pero coa eiva de estar enclavado no mercado interior mais cativo. O sector precisa estabilidade, un apoio sólido e ben dirixido da súa televisión. Un segundo canle podería contribuir a que os galegos coñezan o que produce o seu sector audiovisual. A máis ventás de emisión, máis produción, ademáis de dar saída a programas desenvolvidos que non teñen espacio na pantalla única. Por unha cuestión de simple aumento da demanda de produción o sector veríase potenciado. Resultaría ademais unha oportunidade para que pequenas produtoras, artistas e novos técnicos comencen a súa traxectoria profesional mediante a produción de produtos dignos e competitivos que diversificarían os contidos da actual grella de TVG.

DEPENDEN DO MODELO ORGAIZATIVO DA SEGUNDA CANLE

- E unha falacia relacionar a segunda canle con maior dependencia da industria audiovisual galega respecto do mercado interno: Pensar na segunda canle unicamente como unha ventá de difusión é un erro. Unha segunda canle con identidade propia, no que agromaran novos talentos e sensibilidades audiovisuais, representaría unha grande oportunidade para proxectos innovadores e formatos creativos de televisión, que en definitiva, son os que interesan á boa parte da industria audiovisual do planeta e aportan valor engadido á produción. O sector audiovisual galego debe ser innovador para ser competitivo e se non dispón de fiestras de emisión axeitadas “*na propia casa*”, difícilmente poderá facelo fora das nosas “*fronteiras*”. A segunda canle podería ser un laboratorio de probas de novas ideas e formatos da produción audiovisual galega con obxectivos de exportación en mercados nacionais e internacionais de televisión, .